

O SISTEMA PRONOMINAL: DEMOSTRATIVOS, RELATIVOS, INTERROGATIVOS.

Ao igual que en galego e en castelán algúns pronomes funcionan exclusivamente como pronomes (é dicir, como substitutos de nomes) que reciben o nome de pronomes persoais e outros que poden funcionar como pronomes ou como adxectivos: os demostrativos, anafóricos, posesivos e relativos. Nesta unidade centraremos nos pronomes-adxectivos demostrativos.

PRONOMES/ADXECTIVOS DEMOSTRATIVOS

Funcionan, como xa dixemos, como adxectivos cando acompañan un nome e como pronomes cando o substitúen. Os demostrativos teñen a función de identificar no espazo e no tempo o obxecto ou obxectos mencionados utilizando o falante como punto de referencia (valor deíctico). Existen tres demostrativos en latín, dos que debe sinalarse un xenitivo e dativo singulares especiais.

Hic haec hoc: este, esta, isto

	Singular			Plural		
	Masc	Neutro	Fem	Masc	Neutro	Fem
Nom	<i>hic</i>	<i>hoc</i>	<i>haec</i>	<i>hi</i>	<i>haec</i>	<i>hae</i>
Acc	<i>hunc</i>		<i>hanc</i>	<i>hos</i>		<i>has</i>
Gen	<i>huius</i>			<i>horum</i>		<i>harum</i>
Dat	<i>huic</i>			<i>his</i>		
Ab	<i>hoc</i>		<i>hac</i>			

O demostrativo latino *hic haec hoc* desapareceu na súa evolución. En castelán sobreviviu unicamente en formacións como *hac hora* > agora; *hac nocte* > anoche; *hoc anno* > hogaño, etc.

Iste ista istud: ese, esa, iso

	Singular			Plural		
	Masc	Neutro	Fem	Masc	Neutro	Fem
Nom	<i>iste</i>	<i>istud</i>	<i>ista</i>	<i>isti</i>	<i>ista</i>	<i>istae</i>
Acc	<i>istum</i>		<i>istam</i>	<i>istos</i>		<i>istas</i>
Gen	<i>istius</i>			<i>istorum</i>		<i>istarum</i>
Dat	<i>isti</i>			<i>istis</i>		
Ab	<i>isto</i>		<i>ista</i>			

Moito coidado! Aínda que a forma é *iste*, traducimos por “ese”.

Ille, illa, illud: aquilo, aquela, aquilo.

	Singular			Plural		
	Masc	Neutro	Fem	Masc	Neutro	Fem
Nom	<i>ille</i>	<i>illud</i>	<i>illa</i>	<i>illi</i>	<i>illa</i>	<i>illae</i>
Acc	<i>illum</i>		<i>illam</i>	<i>illos</i>		<i>illas</i>
Gen	<i>illius</i>			<i>illorum</i>		<i>illarum</i>
Dat	<i>illi</i>			<i>illis</i>		
Ab	<i>illo</i>		<i>illa</i>			

O pronome *ille-illa-illud* converteuse en castelán e galego no pronome persoal de 3ª persoa: el, ela. O latín non posuía pronome de 3ª persoa e o castelán e o galego usaron con este valor o pronome *ille*. As evolucións foron: *ille* > el (por apócope de *elle*); o feminino: *illa* > ela; o neutro: *illud* > *ello*.

PRONOMES RELATIVO E INTERROGATIVO

O pronome relativo (*qui, quae, quod*) introduce oracións subordinadas de relativo, que poden ir referidas a un antecedente (caso en que desempeñan a función de adxacente) ou non (caso en que estarían substantivadas). Por ser na aparencia moi semellante engadimos aquí a táboa do pronome interrogativo (*quis, quae, quid*) que se traducirá como *quen* ou *que* segundo o xénero e deberá respectar a función sintáctica que lle asigne o caso en que estea.

<i>Qui, quae, quod</i>						
Singular				Plural		
	M	N	F	M	N	F
N	<i>qui</i>	<i>quod</i>	<i>quae</i>	<i>qui</i>	<i>quae</i>	<i>quae</i>
Ac	<i>quem</i>		<i>quam</i>	<i>quos</i>		<i>quas</i>
G	<i>cuius</i>			<i>quorum</i>		<i>quarum</i>
D	<i>cui</i>			<i>quibus</i>		
Ab	<i>quo</i>		<i>qua</i>			
<i>Quis, quae, quid</i>						
Singular				Plural		
	M	N	F	M	N	F
N	<i>quis</i>	<i>quid</i>	<i>quae</i>	<i>qui</i>	<i>quae</i>	<i>quae</i>
Ac	<i>quem</i>		<i>quam</i>	<i>quos</i>		<i>quas</i>
G	<i>cuius</i>			<i>quorum</i>		<i>quarum</i>
D	<i>cui</i>			<i>quibus</i>		
Ab	<i>quo</i>		<i>qua</i>			

1. TRADUCE AO LATÍN

<i>Hic ludos Romanos instituit.</i>	
<i>Huic filius successit</i>	
<i>Pueri ista aliquando (algunhas veces) legebant.</i>	
<i>Haec omnia oppida (recinto fortificado) urbem cingunt.</i>	
<i>Huius apud omnes milites ingens metus erat.</i>	
<i>Cum illo exercitu ad Hispaniam venit.</i>	
<i>Rex ille bellum contra Latinos gerebat.</i>	
<i>Erat eodem tempore Cneus Piso, quem inopia (pobreza) atque mali mores stimulabant.</i>	
<i>Tum templa deorum, quae nostri maiores fecerunt, vidimus.</i>	
<i>Cimbri et Teutones, quorum copiae infinitae erant, ad Italiam venerunt.</i>	
<i>Galerius Caesares duos creavit, Maximinum, cui Orientem, et Severum, cui Italiam dedit.</i>	